

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING). NOVA CONVOCATORIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO PARA ADXUDICACION DO CONTRATO A ENTIDADE FINANCEIRA.

Sendo as 13:00 horas do día 3 de abril de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola presidenta por don Luis Manuel Álvarez Martínez, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da área de urbanismo actuando en substitución da Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación, actuando como vocais, dona Esther Muñoz, polo Grupo Municipal Socialista, don Antón Bao polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédendose a continuación á apertura do sobre B) da oferta económica da única entidade financeira admitida á licitación, co seguinte resultado:

BBVA:

- . Tipo de xuro: euribor anual + 5,30 %
- . Valor residual lote 1: 3.455,79 euros + 727,72 euros de ive
- . valor residual lote 2: 568,54 euros + 119,39 euros de ive
- . cuadros de simulación das operacións de leasings

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas,

Á vista do cal, os membros da Mesa de Contratación propoñer a adxudicación das operacións de alugamento financeiro (para o Lote 1 e para o Lote 2) á entidade BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A, por ser a única oferta admitida á licitación e cumprir as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

O PRESIDENTE

Asdo.: Luis M. Álvarez Martínez

O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

